

CONVENIO DE COLABORACIÓN QUE REGULA A SUBVENCIÓN, MEDIANTE CONCESIÓN DIRECTA DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA AO CONCELLO DE SALVATERRA, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO “INSTALACIÓN DE PANTALÁN EN SALVATERRA DE MIÑO”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar co Concello de Salvaterra de Miño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de outubro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto**:

Establecer as bases reguladoras da concesión directa dunha subvención por parte da Axencia Turismo de Galicia ao Concello de Salvaterra de Miño para financiar os custos derivados da execución do proxecto denominado “instalación de pantalán en Salvaterra de Miño”, coa finalidade de realizar as obras necesarias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- O Decreto 196/2012, do 27 de setembro, crea a Axencia Turismo de Galicia, entidade co obxectivo básico de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo. Entre as competencias da Axencia de Turismo de Galicia está a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo que se desenvolvan no ámbito da administración da comunidade Autónoma.



O pantalán que se pretende construír na contorna da “Ponte Internacional Joao Verde e Armador Saavedra” que comunica as localidades de Salvaterra de Miño, está moi próxima ao Parque-Xardín público de “A Canuda”, que é unha zona de lecer do pobo. Ademais ao pantalán poderase acceder a través dun embarcadorio existente, que era utilizado antigamente para o transbordador Salvaterra – Monção, e que protexerá a instalación das correntes do río.

Segundo.- Salvaterra de Miño é un municipio da provincia de Pontevedra que fai fronteira con Portugal, que se atopa na outra marxe do río Miño. Este municipio atópase á súa vez na fronteira meridional da provincia de Pontevedra, na confluencia dos vales dos ríos Tea e Miño e tendo en conta como límites de carácter natural, a Serra de Paradanta.

Ao norte linda cos concellos de Mondariz e Ponteareas, mentres que polo sur, con Portugal. Ao oeste linda con Salceda de Caselas e ao leste co concello das Neves.

O municipio está conformado por 17 parroquias que presentan unha altitude media de 100m sobre o nivel do mar, sendo escasas as elevacións que superan os 300m.

A súa orografía, relevo e gran presenza de auga, fan deste lugar unha zona envidiable polas súas plantacións de carácter vitivinícolas e hortícolas.

Por outra banda o concello está dotado de diversas zonas de recreo e paseos fluviais xunto ao río Miño, que constitúen zonas de lecer do veciños pobo e visitantes do concello .

A construción deste pantalán aumenta ás posibilidades de disfrute que ofrecen estas zonas fluviais a carón do río Miño.

Terceiro.- Que os artigos 193.1.b. e 195.h. da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante o proxecto de construción do pantalán é necesaria a concorrencia de medios e achegas de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido de dita cooperación.

Cuarto.- A través deste convenio, outórgase ao Concello de Salvaterra de Miño unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de



conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

